


BOLETÍN

UVIGO/HUMANA



O BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info \[dir.ecu@uvigo.gal\]\(mailto:dir.ecu@uvigo.gal\)](mailto:dir.ecu@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. [+Info](#)

AXENDA

FEBREIRO

L	M	MÉ	X	V	S	D
		1	2	3	4 Día Mundial contra o Cancro	5
6 Día Internacional da Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina	7	8	9	10 Día Internacional dos legumes	11 Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia	12
13 Día Mundial da Radio	14	15	16	17	18	19
20 Día Mundial da Xustiza Social	21 Día Internacional da Lingua Materna	22	23	24	25	26
27	28 Posto informativo Axenda 2030. Axentes do Cambio (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais)	1	2	3 Xornadas Venres de Voluntariado	4	5

- **Martes 28 de Febreiro: Comezo das actividades do voluntariado “Axenda 2030_ Axentes do Cambio”**
- **Venres 3 de Marzo: II Xornada Venres de voluntariado**

CHAVES DESTE NÚMERO:

O voluntariado *Axentes do Cambio* comeza as súas actividades:

As/os axentes do cambio son un grupo de estudantes da UVigo comprometidos/as co desenvolvemento sustentable que realizan actividades coa fin de dar a coñecer a Axenda 2030 entre a comunidade universitaria.

Ven a coñecer máis nos postos informativos sobre a Axenda 2030 e descubre actitudes máis sustentables mentres te divirtes!

As Axentes do Cambio estarán en:

- Vigo: martes 28 de febreiro de 11:30-14:30 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
- Ourense: mércores 8 de marzo de 12:00-15:00 entre o Edificio de Ferro e a Facultade de Ciencias
- Pontevedra: data proximamente



Imaxe do posto informativo no Campus Ourense, abril 2022

O voluntariado Axenda 2030: Axentes do cambio é un programa propio da Universidade de Vigo impulsado pola Vicerreitoría de Benestar Equidade e Diversidade. [+Info](#)

Comeza o cuadrimestre cun cambio: faite voluntario/a!

O voluntariado é unha forma de participación da sociedade na atención de necesidades de interese xeral, mediante actividades realizadas de forma altruísta, desinteresada e solidaria. Se queres saber cales son os teus dereitos e obrigas como voluntario/a consulta a [seguinte ligazón](#).

Como alumnado tes dereito ao recoñecemento de créditos ECTS por compartir horas do teu tempo. Podes validar 30 horas de voluntariado por 1 crédito ECTS. Se tes calquera dúbida podes poñerte en contacto co Servizo de Xestión da Extensión Universitaria no seguinte enderezo electrónico: voluntariado@uvigo.gal [+Info](#)

Comezamos o ano con novos programas de voluntariado. Aquí podes consultar os máis recentes:

- **Comercio xusto- Oxfam Intermón.** Contribuír na transformación da realidade social e as regras do comercio internacional a través da sensibilización e mobilización da sociedade e o fortalecemento do sector do Comercio Xusto. [+Info](#)
- **EnRedadas.** Fomentar a acción voluntaria da entidade para incrementar o apoio e acompañamento ás mulleres vítimas de violencia machista participantes no proxecto [+Info e inscrición](#)
- **Prevención e promoción da saúde.** Transmitir de mensaxes de saúde a poboación, contribuíndo a aumentar o grao de saúde comunitario. [+Info e inscrición](#)
- **Olivo.** Previr o deterioro físico, cognitivo, social e emocional das persoas privadas de liberdade maiores de 65 anos. [+Info e inscrición](#)
- **Fabricantes de paz.** Promover a prevención de novos delitos a través de novos aprendizaxes por parte das familias das persoas infractoras. [+Info e inscrición](#)
- **Diálogos restaurativos.** Diálogos restaurativos é un programa de Xustiza Restaurativa que se realiza con persoas penadas. Reúne a vítimas (ou representantes da comunidade) e persoas infractoras non relacionadas para discutir o delito e o seu impacto. [+Info e inscrición](#)
- **Intervención grupal e en actividades de ocio con persoas con TEA (trastorno do espectro autista).** Mellorar a calidade de vida dos menores con TEA (trastorno do espectro autista). Desenvolver habilidades sociais, de interacción e comunicación social. [+Info e inscrición](#)

No seguinte enlace podes consultar máis de 70 programas de voluntariado nos que podes colaborar por medio da UVIGO: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/voluntariado/public>

Coñece as entidades sociais e escoita a persoas que realizan voluntariado:

Apúntate á xornada Venres de voluntariado :

O venres día 3 de marzo de 11:30 a 14:00 terá lugar a II xornada *Venres de voluntariado*, que é unha boa ocasión para coñecer directamente os distintos programas de voluntariado que oferta a Universidade de Vigo, así como para coñecer as entidades sociais que colaboran connosco.

Nesta ocasión contaremos coa presenza de ASDEGAL e Cruz Vermella que nos presentarán o seus programas de voluntariado na provincia de Ourense e Pontevedra. Tamén teremos a ocasión de coñecer dous novos programas de voluntariado impulsados pola Unidade de Igualdade para o apoio e acompañamento a mulleres vítimas de violencia de xénero

É precisa a inscrición previa por medio do seguinte enlace: +[Info e inscrición](#)

CURSOS E XORNADAS

II Xornada Venres de Voluntariado UVigo:

Venres 03/03/2023 de 11:30-14:00 horas

As xornadas *Venres de voluntariado*, constitúen unha ocasión para dar a coñecer directamente os distintos programas de voluntariado que oferta a Universidade de Vigo, tanto os programas propios coma aqueles organizados con entidades sociais. Trátase dunha Xornada virtual a través do campus remoto. +[Info e inscrición](#)



Curso Saúde Global 2023: cambio climático e saúde.

Entre o 21 de febreiro e o 2 de marzo impártese na Universidade de Zaragoza o Curso Saúde Global 2023: cambio climático e saúde. Está organizado por Medicusmundi e coordinado pola Cátedra de Cooperación para o Desenvolvemento (CATCODES, Universidade de Zaragoza). Solicítase inscrición previa [+Info](#)

Diploma de Seguridade, Protección y Negociación Humanitaria (IECAH). Este itinerario pretende brindar unha oferta formativa flexible, práctica e actualizada sobre aspectos

craves da seguridade, protección e negociación humanitaria. Foi deseñado para as persoas que traballan na acción humanitaria, especialmente a aquelas vinculadas coa cooperación española. Conta con 9 semanas lectivas estruturadas en 3 cursos de 3 semanas. [+Info](#)



Diploma de migracións forzadas (IECAH). O curso está destinado a todas as persoas interesadas en entender as principais claves do reto humanitario que supoñen as migracións forzadas e a xestión da seguridade das poboacións desprazadas por mor de conflitos armados, así como catástrofes naturais e

humanas nun mundo globalizado; para profesionais da cooperación, estudantes ou calquera persoa interesada neste ámbito das relacións internacionais e a cooperación internacional.

O Diploma de Migracións Forzadas está composto por dous cursos de 6 semanas de duración cada un e que poden realizarse de maneira independente [+Info](#)

Curso semipresencial | Auga, saneamento e hixiene na acción humanitaria (E-WASH). O curso de especialización «Auga, saneamento e hixiene na acción humanitaria» (E-WASH, nas súas siglas en inglés) pretende brindar unha oferta formativa especializada, práctica e actualizada en modalidade semipresencial. [+Info](#)

Curso virtual | Comunicación e periodismo nas respostas ás crises humanitarias (IECAH). este curso ofrece unha análise da situación actual da comunicación e xornalismo de crise, esboza tendencias a futuro mentres que prové ferramentas prácticas tanto para os expertos en comunicación dentro de organizacións humanitarias, como para xornalistas que cobren estas cuestións. Trabállase con casos de crises actuais e ponse a énfase na produción de contidos e elaboración de estratexias de comunicación. [+Info](#)

Curso Rede ICA sobre Centroamérica "Entre o cambio e a continuidade: as economías e as sociedades centroamericanas no século XXI". O curso estará dirixido a catro tipos de participantes: estudantes de posgrao, profesores e investigadores universitarios, funcionarios da cooperación internacional e funcionarios do SICA u outras institucións públicas e intergubernamentais. Número limitado de prazas.

[+Info](#)

Diploma Online: Xeopolítica dos conflitos conxelados.

Neste Diploma ONLINE abordaranse os conflitos presentes na veciñanza da UE. Así, estudaremos os casos no espazo pos-soviético, a fronteira sur e os Balcáns co obxectivo de analizar as súas orixes, causas e consecuencias tanto para o propio territorio como tamén para a UE. Analizaremos tamén a maneira na que a UE abordou estas cuestións e como se enfrontou ás situacións de posconflicto nunha contorna xeopolítica cambiante. [+Info](#)

BOLSAS

Enxeñaría Sen Fronteiras: CONVOCATORIA DE PRAZAS DO PROGRAMA DE COÑECEMENTO DA REALIDADE 2023.

Convocatoria de prazas de estadía en Honduras, coñecendo os proxectos nos que participamos, o traballo das organizacións hondureñas coas que colaboramos, e vivindo de primeira man esa realidade. A estadía durará entre 2 e 3 meses.



REDICA
CENTROAMERICANA

CURSO ESPECIALIZADO SOBRE CENTROAMÉRICA:
Entre el cambio y la continuidad: Las economías y las sociedades centroamericanas en el siglo XXI

Del 13 de febrero al 8 de marzo de 2023

Las sesiones se realizarán de 8:AM a 10:30AM, hora de Centroamérica los lunes y miércoles.

MÓDULO 1
La economía política del capitalismo centroamericano (Semanas 1 y 2).

MÓDULO 2
El rostro de Centroamérica en el siglo XXI: Cambios y continuidades históricas (Semanas 3 y 4).

Programa reconocido por: 

Consulta as [bases completas](#), con información sobre o contexto, os criterios de selección, contías das axudas e o xeito de presentar candidatura e os prazos. **Prazo de solicitudes aberto ate o 22 de febreiro**

CONVOCATORIAS

CLACSO. O Consello Latinoamericano de Ciencias Sociais (CLACSO) ten aberta a convocatoria de ensaios *Axendas Emerxentes*, dirixida á publicación de libros de novos/as investigadores/as. Cos seguintes eixos temáticos: economías populares e alternativas, novas dereitas e ameazas ao sistema democrático, e ecofeminismo, coidados rurais e coidados comunitarios. **Prazo de presentación de propostas ata o 28 de febreiro.** [+Info](#)

OUTRAS ACTIVIDADES

XXII Xornadas África. Do 13 ao 16 de febreiro (19 h CEST) realízanse en Valladolid as XXII Xornadas África, baixo o título *Tratando de entender o que pasa en África: resistencias en medio das crises e conflitos*. Organizadas por Umoya, con colaboración da Delegación do Reitor para a Responsabilidade Social Universitaria da Universidade de Valladolid (RSUVa). [+Info](#)

A obra de Mbuyi Kabunda. No marco do *Cicle Pensament i Cultura: Àfriques*, celebrense a segunda sesión dedicada a *L'obra d'Mbuyi Kabunda*. Será en Palma (Ca n'Oleo), o vindeiro 17 de febreiro (18 h CEST) e esta organizada pola Oficina de Cooperació al Desenvolupament i Solidaritat (OCDS) de la Universitat de les Illes Balears (UIB). Solicítase inscrición previa. [+Info](#)

POSTOS E VACANTES

Persoal técnico expatriado en Guatemala en materia de hábitat. Recepción de candidaturas ata o 21 de febreiro. [+Info](#)

IDDRI: dous directores/as de programa. O Institut du Développement Durable et des Relations Internationales (IDDRI, París) busca dous directores/as de programas, quen deberán posicionar o traballo do instituto, tanto no escenario internacional como na estratexia europea para o desenvolvemento sostible. Solicitudes ata o 11 de febreiro. [+Info](#)

FORMACIÓN

Oferta de Posgraos en Estudos Do Desenvolvemento. Co propósito de dar a coñecer os Programas de Posgraos en Estudos do Desenvolvemento que imparten as nosas institucións socias, poñemos a disposición a información sobre este tipo de programas. [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

O campus acolle a 34 estudantes estranxeiros de intercambio procedentes de 12 países [+Info](#)

ATHENA solicita á Comisión Europea 14 millóns de euros para a creación de grandes alianzas de ensino, investigación e transferencia [+Info](#)

Unha guía busca amosar aos pacientes de párkinson como o exercicio terapéutico pode mellorar a súa calidade de vida [+Info](#)

Persoal científico do CIM-UVigo constata que a contaminación por microplásticos pode perturbar a maduración sexual do bacallau [+Info](#)

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

Emaús é unha fundación social que leva arredor de 35 anos traballando co fenómeno da exclusión social, sempre baixo a mesma premisa: "as persoas deben ser o centro de todas as nosas actuacións". Ao longo da súa actividade puxeron en marcha diversos programas e servizos en Galicia, Asturias e o País Vasco, orientados a atender as necesidades de persoas que puideran estar en situación de risco ou exclusión social.



Son fins da fundación Emaús, entre outros:

Atención individualizada ao usuarios, que recoñeza as necesidades diferenciadas entre homes e mulleres.

-Asegurar a calidade de vida das persoas e o exercicio dos seus dereitos a través das relacións profesionais de axuda.

Todo isto, procurando favorecer, na medida do posible, o desenvolvemento da súa autonomía e o reforzo dos seus recursos persoais e relacionais, dende a consideración e o

respecto aos seus proxectos vitais. [+Info](#)

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivenda [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)